José M. Fernández Rosado (Profesor de Orquestra e Música de Cámara):



Un maior sentimento de pertencencia ao grupo, de compromiso que se reflicta en que a seguridade e calidade individual, de lugar a unha interpretación musical única, definida e cohesionada. Isto non o conseguimos.

Oscar Rodríguez Calvo (Profesor de Música de Cámara):

Só unha estudante, Laura Gil Outeiral, debido a enfermidade, tivo que presentarse ás probas de perda de avaliación continua, con moi bos resultados.

6.3.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

O ambiente nas reunións do Departamento é moi positivo e constructivo. Hai moito interese por parte do profesorado por mellorar e poñer temas en común. Tamén é de destacar a súa gran colaboración para o bo funcionamento das audicións.

Con respecto aos espazos para o departamento nas semanas de audicións, comentar que estamos moi cómodos con esta organización e solicitamos mantelos para o curso próximo, especialmente aqueles que coinciden co horario lectivo de grupos numerosos.

Este curso o equipo directivo asignounos unha dotación económica para material para o noso departamento que está a ser, e será nun futuro, de gran utilidade.

Elvira Rodríguez Pontevedra (Profesora de Coro):

O único aspecto que desexo destacar neste caso é agradecer o total apoio e confianza que depositou en min tanto o Equipo directivo no seu momento, aceptando a miña solicitude para impartir a materia de coro, como neste curso o Vicedirector na preparación do concerto no conservatorio do Ourense do noso coro. Así como no concerto de volta cando o alumnado de Ourense asistiu ó noso centro.

Tamén quero agradecer ó departamento de Dinamización da Lingua a súa invitación a participar no concerto de homenaxe ó profesor José Ángel Vilas (Pepe)



pois tanto ó alumnado que cursou a materia de historia con él como a min mesma nos fixo moita ilusión.

Por último, pero non menos importante, agradecer ó departamento de percusión a súa total disposición no préstamo de instrumental para as nosas audicións. E ós nosos conserxes pola súa axuda na preparación do escenario.

Felipe González Agell (Profesor de Conxunto e Música de Cámara):

Un ambiente de traballo moi bo, así como moita cordialidade entre a directiva, os profesores e o alumnado.

Juan Carlos Díaz (Profesor de Orquestra):

Profesorado de apoio para impartir a clase de orquestra.

Ángel A. Montes Abalde (Profesor de banda):

A organización.

Gardar os atrás na propia aula e as sillas no hall da Aula Magna deu moi bo resultado.

Oscar Rodríguez Calvo (Profesor de Música de Cámara):

Boa planificación por parte da dirección do funcionamento do curso académico.

6.3.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Elvira Rodríguez Pontevedra (Profesora de Coro):

Debido a que realmente non existe un aula específica para coro temos que compartir espazo con outras materias, neste caso comentar que levamos, as dúas profesoras de coro, durante estes dous últimos cursos compartindo o aula de gaita por ser a única que reúne as condicións mínimas para impartir a nosa materia. Neste sentido teño o propósito, xa falado co profesorado que imparte diversas materias nesa aula, de optimizar a colocación do material para tentar adaptar o aula o mellor posible ás nosas necesidades. Aínda que debo insistir



en que será simplemente un parche para minimizar no posible as ma-las condi-
cións nas que debemos traballar.

Felipe González Agell (Profesor de Conxunto e Música de Cámara):

Máis presuposto para a organización de actividades.

Juan Carlos Díaz (Profesor de Orquestra):

Dotación económica para comprar repertorio.

Dotar de espazos en horario de 18:00 ás 19:00 horas para poder facer clases
seccionais da orquestra, sempre que sexa posible.

Valorar a posibilidade de facer unha avaliación conxunta de todo o alumnado das
agrupacións orquestrais.

Ángel A. Montes Abalde (Profesor de banda):

Reducir as plantillas. Estamos ó máximo de capacidade.

Adquisición do material de percusión solicitado neste curso.

Dispoñer de caixas e estuches para o traslado do material no caso de concer-
tos fóra do centro.

Na medida do posible mellorar a ventilación da Aula Magna.

Intentar, na medida do posible, que non coincidan audición das especialidades
de Banda (vento e percusión) no horario de Banda.

Dispoñer de dous sets de percusións diferentes para a Banda Junior e a Banda
de Jazz.

Estudar a posibilidade de que o profesorado das diferentes especialidades poida
colaborar na realización de ensaios seccionais.



Acadar unha maior e mellor conexión entre os departamentos para elaborar estratexias conxuntas de ensino-aprendizaxe. Creo que deberíamos abrir un debate sobre como optimizar a calidade das ensinanzas que impartimos no noso centro.

José M. Fernández Rosado (Profesor de Orquestra e Música de Cámara):

Promover a través da Dirección do Centro un posible intercambio con outro Conservatorio Profesional para compartir con outras agrupacións de características similares

6.3.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Participación de alumnado do Departamento nos concertos de Santa Icíá, Nadal e de Entroido.

Concerto o 12 de Maio na cafetería Vitruvia de Vigo de alumnado de Música de Cámara.

Concerto conxunto de Nadal co coro I e o coro de grao elemental e co coro “Miñoca ma non toppo” na igrexa de San Antonio da Florida. 20 de decembro.

Concerto compartido, coro de grao profesional do conservatorio profesional de Ourense e coro II, no auditorio do conservatorio de Ourense. 10 de abril.

Concerto compartido, coro de grao profesional do conservatorio de Ourense, coro I e coro II, no auditorio do conservatorio profesional de Vigo. 25 de abril.

Concerto compartido, homenaxe ó profesor Pepe Vilas, coro II e coro “Miñoca ma non Toppo”. 14 de maio.

19/12/17: Curso do conxunto de clarinetes co clarinetista David Krakauer no CMUS Superior de Vigo.

11/04/18: Encontro dos conxuntos de clarinete co compositor “A. Pulido”.

18/04/18: Concerto no Auditorio do Concello de Vigo cos alumnos de conxunto.



Concerto o xoves 10 de maio de 2018.

Violíns I
 Gómez Rodríguez, Paula
 González Davila, Víctor
 González López, Manuel E.
 Jones Vaqueiro, Matthew
 López Valverde, Jacobo
 Martínez González, Víctor
 Torres Martínez, Cristina

Violíns II
 Fernández Iglesias, Inés
 González Davila, Raquel
 González Valverde, Claudia
 Landeiro Palacio, Iris
 Pazó Mendióroz, Sara
 Pereira Suárez, Clarisa
 Pérez Santoria, Xoana
 Sánchez Pallares, Emma
 Quicler Moriarty, Lara

Violíns III
 Alonso Alonso, África Beatriz
 Lamek Méndez, Brenda
 Rodríguez Trillo, Clara

Violas
 Fernández Alcañiz, Roque
 Molina Álvarez, Lucía
 Rodríguez Domínguez, María

Vionchelos
 Fernández Martínez, Pedro
 Fernández-Colmeiro Lago, Alejandra
 Gómez Rodríguez, Sergio
 Ledo Prado, Pablo
 Moreno Casares, Santiago
 Parada Cuquejo, Martín
 Suárez Cerdeira, Jorge

Contrabaixos
 Gil Couteiral, Laura
 Pérez Martínez, Xabier
 Piñeiro Patiño, Santiago

Frautas
 Aldea González, Uxia
 Fernández Álvarez, Ana María
 Raña Barreiro, Lara
 Rodríguez Pérez, Ángela

Óboes
 Bermejo Sande, Sara
 Iglesias Silva, Lucía
 Scovino Briceño, Omar Alejandro

Fagots
 Otero Gil, Nieves
 Pérez Salgueiro, Ina

Clarinetes
 Granja, Flavio Junio
 Irisarri Izquierdo, Jaime
 Piñero González, Tania
 Sierra Pérez, Álvaro

Saxofóns
 Lomba Fernández, Hugo*
 Estévez Moreira, Jaime*
 Rodríguez Campos, Javier*

Trompas
 Figueiras Fernández, Rut
 Méndez Rodríguez, Gonzalo
 Otero Ferreira, Daniel
 Rodríguez Trillo, Clara

Trompetas
 Górnara Rial, Mario
 González Lago, Pablo
 González Lago, Ángel

Trombóns
 Rodríguez González, Antonio*
 Vidal Pérez, Gabriel*
 Martínez Gómez, Daniel*

Tuba
 Amorín Fernández, Víctor*

Percusión
 Bastos Rodríguez, Ángela
 Comesaña Rodríguez, Nuria
 Siebert Sto, Hannah
 Denis Sanromán, Jorge*

Piano
 Vázquez Ben, Roque*

Profesores colaboradores
 Jose Manuel Fernández
 Oscar Rodríguez

Alumnado colaborador*

PROGRAMA

- **Edvard Grieg** (1843-1907)
 Sigurd Jorsalfar
 I. *Prelude*
 II. *Intermezzo*
 III. *Marcha*
- **Franz Lehár** (1870-1948) Arr: William Ryden
 Villia "La viuda alegre"
- **Isaac Albéniz** (1860-1909) Arr: Clark McAllister
 Suite Española, Op. 47
 I. *Sevilla*
- **Adolph Schreiner** (1841-1894) Arr: George S. Howard Rev:
 Albert O. Davis
 Immer Kleiner *Clarinete solo e Orquestra*
 Jaime Irisarri Izquierdo, *clarinete*
- **William. C. Handy** (1873-1958) Arr: Mike Lewis
 ST. Louis Blues



CONCERTO

Orquestra "Senior" do
Conservatorio Profesional de
Música de Vigo
J. Carlos Díaz, director



Xoves 10 de maio de 2018
ás 18:30 horas

Auditorio "David Russel"
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



Banda Junior:

Concerto no Auditorio David Russell o 1 de Febreiro ás 20:30.

Concerto no Círculo Recreativo Cultural de Porriño o 3 de Maio ás 19:00.

Concerto no Auditorio David Russell o 24 de Maio ás 20:30.



6.4 Departamento de Corda

6.4.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

138 alumnos

-Alumnado por materia

Violín: 18 + 13 + 14 + 18 + 15

Viola: 17

Violoncello: 12 + 12 + 6

Contrabaixo: 13

6.4.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Edita Shulman Violín:

En maior parte os obxectivos acadados.

José Manuel Fernández Violín:

Os meus alumnos de violín realizaron en xeral un curso desde satisfactorio a excelente nalgúns casos.

Marcos Escobar Violín:

Se acadaron todos os obxectivos da programación satisfactoriamente, menos nun caso.

Laura Quintillán Violín:

Despertar ou reforzar o interese da alumnado pola asignatura.

Concienciar ao alumnado sobre o carácter imprescindible da disciplina e a práctica diaria do instrumento.



Incrementar a capacidade de autoescoita activa.

Xerar dinámicas que favorezan a racionalización do esforzo e a organización do estudo.

Crear unha orquestra infantil con grandes beneficios constatables nos e nas alumnas que formaron parte do proxecto, mesmo no seu quefacer violinístico individual.

Mykolas Pocius Violín:

Os da programación.

Serghei Maximov Viola:

Cumprida a programación didáctica.

Os alumnos acabaron o curso con avaliación satisfactoria, ningún alumno suspendeu a materia. Todos eles melloraron na súa capacidade técnica grazas aos estudos, exercicios e escalas aplicados adecuadamente e seleccionados polo profesor segundo as necesidades individuais de cada alumno. Creceron tamén no nivel de interpretación artístico das obras.

A maioría dos alumnos aprenderon as obras de memoria, todos participaron en dúas audicións públicas excepto dous alumnos que non puideron acudir á última por ter a graduación no instituto.

Quero suliñar o bo traballo dos tres alumnos de 1º curso do grado elemental, os cales aceptaron todas as indicacións e recomendacións do profesor. Acada-ron moi boa postura e colocación das mans.

A alumna de 6º curso de grado profesional está proposta para Premio Fin de Carreira, e entrou nun conservatorio superior en Alemania.

No primeiro trimestre fixo traslado de matrícula unha alumna de 6º de profesional por cambio de domicilio, e un alumno de 2º de grado elemental e outro de 2º grado profesional perderon o dereito de avaliación contínua.



Organicei a alumnos de distintos cursos para tocar unha obra en conxunto, a Serenata de Chaikovski.

A alumna de 6º curso de profesional tocou un recital.

Isabel Figueroa Violoncello:

Todos, en xeral.

Susana Blanco Violoncello:

Acadáronse todos os obxectivos propostos para o curso.

Fernando Arenas Violoncello (xefe do departamento):

Todos en maior ou menor medida.

Oscar Rodríguez Contrabaixo:

Os alumnos de G.E e G.P tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendemento, completando en su totalidade o 100% da programación establecida salvo en algúns casos (de 3 GE) cun 40%.

-Obxectivos non acadados

Edita Shulman Violín:

2 alumnos de G.E. están suspensos e van repetir o curso.

Un deles, o alumno de 2º G.E. ten problemas de concentración, falta do traballo diario na casa, inclusive en clases do LM ten problemas da comportamento, quere ser o heroe da clase, chamando sempre a atención do profesor. O neno ten oído musical e o sentido do ritmo, pero no sempre quere dar o uso destas cualidades.

A cambio , outra nena de 2ºG.E. ten problemas graves do lectura, no leva ben o ritmo, non ten asimilado os conceptos básicos de tocar o violín, como asociar a nota escrita con ubicación desta nota en violín, produción do son con arco suxeito ben correctamente.



José Manuel Fernández Violín:

Dous dos meus alumnos de violín non tiveron un curso satisfactorio. Nun caso unha alumna de 2GE por falta de traballo e cumprimento das tarefas. Noutro caso un alumno de 6GP pola súa atención ao II de bachillerato e a imperiosa necesidade de obter altas cualificacións.

Marcos Escobar Violín:

Non se acadaron nun caso, o da alumna Paula Yebra (1º GP), que non acadou os obxectivos mínimos para aprobar o curso.

Laura Quintillán Violín:

Acadar un maior nivel de compromiso e estudo persoal dos alumnos suspensos.

Serghei Maximov Viola:

Os alumnos en xeral deberían estudar máis en casa, ese punto podería mellorarse.

Isabel Figueroa Violoncello:

Traballo máis sistemático (pola miña parte) das escalas, en relación a anos anteriores.

Susana Blanco Violoncello:

Ningún.

Fernando Arenas Violoncello (xefe do departamento):

Un estudante non alcanzou os obxectivos mínimos en xuño. Outro foi dado de baixa por auntos familiares no mes de marzo e outro deixou de vir a clase por problemas persoais sin darse de baixa no mes de febreiro.

Oscar Rodríguez Contrabaixo:

Só un alumno de 3GE completou un total de 40% da programación.



6.4.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Edita Shulman Violín:

Bo funcionamento das clases colectivas do instrumento de G.E. Si se aproveita ben o tempo invertido, os nenos acostumaranse a tocar xuntos escoitando outras voces, a respectar a os compañeiros, manter a disciplina no grupo numeroso e compartir as positivas experiencias musicais colectivas.

José Manuel Fernández Violín:

A coidada e exhaustiva planificación do funcionamento interno.

Marcos Escobar Violín:

Todo funciona moi satisfactoriamente.

Laura Quintillán Violín:

Organización altamente eficiente.

Serghei Maximov Viola:

En xeral todo funciona ben e está ordenado.

Isabel Figueroa Violoncello:

O seguimento do alumnado é máis doado co informe mensual.

O sistema de avaliación tamén resulta máis fluído.

A recuperación das clases colectivas resultou ser moi positivo, aínda que no caso de violoncello non se puido organizar para GE, pero sí para GP.

Susana Blanco Violoncello:

Boa planificación das audicións e demais actividades culturais do centro.

Fernando Arenas Violoncello (xefe do departamento):

En xeral, o bo funcionamento de centro e tamén o acceso directo co equipo directivo.



Oscar Rodríguez Contrabaixo:

Boa planificación por parte da dirección do funcionamento do curso académico.

6.4.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Edita Shulman Violín:

1. Este curso algúns días traballo na Aula C3 que non ten piano. O noso instrumento, o violín e a viola, que tamien se da nesta aula, son instrumentos melódicos e para mellor desenvolvemento dos alumnos e imprescindible o apoio armonico do piano. É moi difícil de acadar os obxectivos positivos descritos na programación sen este recurso instrumental tan poderoso.

A posibilidade de acompañar o alumno con piano durante as clases lle prepara para os ensaios con pianista acompañante, que para os alumnos de cursos mais baixos corresponde ao 5 minutos, o tempo non sempre suficiente para preparar ben as obras das audicións. Por esta razón pido buscar a posibilidade de instalar o piano, ou polo menos teclado eléctrico nesta aula.

2. Os problemas cos pianistas acompañantes, surtidos nas audicións do último trimestre.

Con todo o respecto ao traballo dos pianistas acompañantes, hai que buscar as solucións. Na miña opinión, nos, os profesores, estamos para dar todo o mellor posible para a enseñanza a nosos alumnos, e por algúns fallos burocráticos e de papeleo privar a os alumnos da posibilidade de tocar en público as obras preparadas no é o camiño adecuado.

A miña proposta e de ter o marxe mais longo para elaborar as listas das obras para os pianistas e ter a posibilidade de cambiar se surxen algúns problemas con aprendizaxe destas obras pola parte dos alumnos.



Para G.E. ter a posibilidade de cambiar 50% das obras, porque son de dificultade mínima para os pianistas e en maior parte son as obras de repertorio ben coñecido e repetitivo pola gran parte do profesorado do instrumento.

Para G.P. ter a posibilidade de cambiar 30% das obras e non mais tarde de 3-4 semanas antes das audicions, e se e posible as grandes obras para os cursos altos comentar ao principio do curso.

O mais importante neste aspecto é o respecto e entendimento entre o profesor do instrumento e o pianista.

José Manuel Fernández Violín:

Conviría reflexionar con tranquilidade e en aras de atopar un mellor equilibrio nas normas dos profesores pianistas acompañantes. Entendendo, que aínda que son moi necesarias, creo que deben ter tamén contemplar a lóxica e flexibilidade cando a obras de acompañamento son sinxelas, ou formen parte do repertorio habitual. Propoño que se desenvolva un plan de que os nosos propios alumnos sexan activos promotores do interese polo estudo dos instrumentos. Si involucramonos no noso departamento e faio o centro como institución, poderíamos chegar a través dos nosos alumnos ás aulas de moitos colexios de Vigo.

É inconcibible que nunha cidade de máis de 280 mil habitantes, ás probas de acceso a 1GE de violín para o curso 2017-2018 presentáronse 11 aspirantes. Disporíanse 10 prazas .

Marcos Escobar Violín:

Propoño que o cuidado dos violíns das aulas C4, C5 e C6 se faga por defecto, cambio de cordas e encerado de arcos é un material funxible. Propoño estudar o problema de falta de control na clase colectiva, dado que ao non ser obrigatoria, o control sobre a asistencia dos nenos é un pouco problemático. Eu non tiven problemas, pero é moi fácil que se poidan dar.

Laura Quintillán Violín:



Normalización e xeralización da práctica orquestral ao Grao Elemental.

Imprescindible un piano por aula.

Inexcusable a carencia de elementos técnicos como cordas, crins e outros de recambio, dunha calidade adecuada coa frecuencia necesaria para que os e as alumnas poidan ter de xeito permanente, na clase, un referente sonoro óptimo sen que os e as profesoras deban poñer os seus propios instrumentos ao servizo do centro.

Aumentar o número de audicións externas que axuden a facer do conservatorio un referente artístico da cidade a nivel de barrios, centros infantís da terceira idade, etc.

Mykolas Pocius Violín:

Departamento de pianistas acompañantes.

Serghei Maximov Viola:

En cada aula de instrumento debería haber un piano.

Ademais un pianista acompañante debería estar á disposición do alumno durante a hora de clase de instrumento, para que o profesor de instrumento tamén poidese participar cando tocan xuntos. Se non toda a hora, o cal non é posible, polo menos 15 minutos.

Boto en falta máis libros na biblioteca, por exemplo, os volumes de acompañamento de piano dos libros de Suzuki para viola.

Na aula debería haber un conxunto de cordas para unha necesidade urxente, como que se lle rompa unha corda durante a clase a un alumno, e tamén resina.

Isabel Figueroa Violoncello:

Necesitamos cambiar as cordas dun dos violoncellos da aula e de paso, facerlle unha revisión xeral porque está incómodo para tocar; encerdar os dous ar-



cos da aula; unha ou dúas correas axustables para o chan (as madeiras que usamos son un pouco grandes para algún alumnado. O piano da aula A1 tamén necesita unha afinación un pouco máis frecuente, porque se desafina bastante rápido.

Considero que sería interesante revisar o regulamento de empréstimo dos instrumentos e valorar que os violoncellos se podan emprestar tamén. Todo o alumnado dispón do seu instrumento, pero en caso de reparación, encerdado do arco, ou cambio de tamaño, estaría ben poder dispoñer dalgún instrumento do centro provisionalmente, mentres se recupera o propio, por suposto, de forma regulada e controlada. Por outra banda, dese xeito tamén se lle daría máis uso os instrumentos do centro, que practicamente non se usan e quedan xordos.

Susana Blanco Violoncello:

De cara a garantir e optimizar o proceso de aprendizaxe, sería moi recomendable que o novo sistema de control do repertorio para os pianistas acompañantes fora mais aberto, flexible e adaptable ás circunstancias de cada alumno, de modo que sexa posible realizar certas modificacións discrecionais en función da evolución do alumnado, accións que por outra banda xa contemplan as programacións didácticas en si mesmas.

A experiencia demóstranos que no transcurso do trimestre é posible que se presenten unha pluralidade de situacións nas que sexa indispensable a modificación do repertorio por parte do profesor-titor, ben porque o alumno supere a obra programada e lóxicamente sexa preciso a preparación e desenvolvemento dunha nova peza mais complexa, ben porque ocorra todo o contrario, sendo imprescindible en todos os casos a comprensión e colaboración do pianista acompañante.

Sexa como fora, o profesor titor –obviamente- non deberá abusar da súa potestade modificativa xa que esta só deberá desenvolverse en situacións de excepcionalidade, pero dalgún xeito será necesario contemplar e regular na no-va



normativa dos profesores acompañantes as extraordinarias e singulares circunstancias que poidan xurdir do propio proceso educativo.

Por último, e dado que as programacións recollen unha morea de repertorio orientativo, sería óptimo que os pianistas acompañantes tiveran un arquivo físico ou virtual coas partituras de piano que permitiría axilizar o proceso de intercambio de partituras, optimizar o consumo de papel, revisar aquel repertorio da súa especialidade que poda requirir máis tempo de estudo (sobre todo para aqueles pianistas que todos os anos acompañan ás mesmas especialidades), etc... Dito doutro xeito, se o repertorio a traballar figura nas programacións non debería haber tanto problema no caso de ter que facer algún cambio de última hora.

Por suposto, é comprensible que sexa necesario e imprescindible que o repertorio no que o piano non é un mero acompañante (como pode ser o caso de sonatas e outros) e o traballo poda ser máis camerístico, a previsión sexa planificada con tempo suficiente (incluso a principio de curso).

No tocante ao mantemento do material do departamento de corda (revisión e posta a punto dos instrumentos do centro, encerdados dos arcos, recambio de cordas, materiais funxibles tales como resinas e cordas rotas...) sería recomendable destinar unha partida orzamentaria para garantir un bo uso do material existente.

Fernando Arenas Violoncello (xefe do departamento):

Tendo en conta os instrumentos dispoñibles no departamento e o seu uso habitual polo profesorado, dous cellos, tres violíns, una viola, un baixo para o profesor e dous máis para as clases cos alumnos, así como os seus arcos correspondientes con el uso habitual de su resina para su funcionamiento, sería deseable e imprescindible destinar unha partida do orzamento do centro de xeito habitual e fixa anualmente para poder atender a demanda tanto de cordas como del mínimo mantenimiento dos arcos para su correcto uso por parte do profesorado.



Sería importante manter máis diálogo co departamento de piano acompañante para que dentro da norma ou marco do dito departamento, houbera máis flexibilidade nalgúns casos e se mellorara a atención dos alumnos. Sería interesante poder dispoñer un cuadrante semanal co horario dos pianistas e de este xeito os alumnos poderían escoller su turno de ensaio sin ter que estar buscando al pianista polo centro.

Oscar Rodríguez Contrabaixo:

1-) Propoño retomar as audicións de G.E:

(Xa que é difícil de organizar sen afectar as clase grupais), que non se fagan audicións por departamento como G.P se non por curso académico, mesturando o diferentes instrumentos xa que pode ser máis divertido e interesante para os estudantes de G.E, onde ademais pódese aplicar a clase de colectiva e a de orquestra infantil se la tería, empregando para iso, os medios tecnolóxicos do centro para unha posta en escena agradable (co uso da iluminación e o proxeccionador do auditorio, etc.), e así tamén podemos garantir unha boa participación de pais e alumnos nas audicións.

2-) Propoño dado o bo resultado pedagóxico que para os cursos elementais en no caso do tema de contrabaixo, retomar as clases de colectiva sobre todo nos cursos de primeiro, segundo e terceiro de grao elemental, rematando en cuarto de elemental con unha orquestra de corda e unha banda no caso de os ventos.

3-) Propoño na creacións de unha orquestra de corda e unha banda infantil pero co alumnos so de 4GE e con esta idea, garantir o desenvolvemento do alumnado e o bo funcionamento na orquestra de cara ao grado profesional.

4-) Propoño o cambio do timbre do conservatorio pola audición de unha melodía que ten que ver con calquera (bo estilo musical), por exemplo, propoño unha melodía fixa por semana e que se anuncie no medio de comunicación da entrada



do conservatorio ao público, que é lo que está escoitando en ese momento, estilo, compositor, etc e así educar e garantir o interese por o coñecemento da música boa clásica, jazz, galega, etc.

5-) Debido ao uso constante do material da clase (instrumentos, arcos, etc) , necesítase un kit de mantemento de instrumento pra contrabaixo, un xugo de cordas marca Pirastro pra o contrabaixo de Luthier modelo Lothar $\frac{1}{4}$ e a reparacións de dous arcos na clase modelo alemán e a compra de un arco francés $\frac{3}{4}$ pra o uso na clase e unha resina marca NYMAN.

6.4.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Edita Shulman Violín:

Tres audicions programadas.

Marcos Escobar Violín:

No meu caso se fixeron 4 audicións de aula, unha delas soamente de técnica, escalas e demáis, máis 2 audicións no auditorio. Todos os alumnos tocaron alomenos unha vez no auditorio.

Na clase colectiva estivo enfocada a que os alumnos vaian perdendo o medo a tocar en audicións, e todas as semanas estivemos facendo mini audicións entre eles, falando entre eles do que se pode mellorar coa miña opinión e supervisión. Moi productiva, notouse moito cambio na súa actitude ante o momento de tocar en público.

Laura Quintillán Violín:

Orquestra infantil, formada por alumnos do GE.

Serghei Maximov Viola:

Organicei a alumnos de distintos cursos para tocar unha obra en conxunto, a Serenata de Chaikovski.

A alumna de 6º curso de profesional tocou un recital.



Oscar Rodríguez Contrabaixo:

No departamento e particularmente na especialidade do contrabaixo realizáronse un total de tres (3) audicións, dentro do plan de audicións do curso 2017-18, un por trimestre. En xeral todo os alumnos de esta especialidade participaron nas audicións do conservatorio.



6.5 Departamento de Corda Pulsada

6.5.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

43 alumnos

-Alumnado por materia

Guitarra: 43

Conxunto: 11

R.T.A.: 5

6.5.2 Obxectivos do profesorado para o curso

O obxectivo principal do departamento para o curso é, como cada ano, ofertar un ensino de calidade ós nosos alumnos a través do seguimento da programación e das distintas accións levadas a cabo na aula. Ademais dos aspectos meramente técnicos que conduzan aos alumnos a desenvolver as destrezas necesarias para tocar un instrumento, queremos que aprendan tamén a importancia da constancia no seu traballo e adquiran hábitos de estudo diario como base imprescindible para a súa evolución no instrumento, así como reforzar a práctica de tocar en público facendo que se afronten a esta situación o maior número de veces posible durante o curso. Esta práctica verase especialmente reforzada nos últimos cursos de grao profesional.

Seguimos a realizar as audicións na aula ó final de cada trimestre. Con estas audicións queremos que os alumnos reforcen a interpretación en público e que os profesores teñamos unha visión máis completa de todo o alumnado do departamento.

-Obxectivos acadados



Tendo en conta o carácter xeral dos obxectivos que se trazan para os graos elemental e medio consideramos que estes se lograron dunha maneira aceptable.

-Obxectivos non acadados

6.5.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

6.5.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

6.5.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Neste curso realizamos 4 audicións de alumnos, dúas de GE e dúas de GP dentro das semanas de audicións que trimestralmente se organizan no centro.

Realizamos tres audicións de aula, unha por trimestre, nas que participou todo o alumnado.

Os alumnos participaron tamén en varios dos concertos que organizou o equipo de actividades: Auditorio do Concello, concerto de Nadal e cerimonia de graduación.



6.6 Departamento de Linguaxe Musical

6.6.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

412 alumnos (360 LM/EAV, 22 RTA, 3 CADI, 13 It. Pedagogía, 8 Optativa Música Moderna, 6 Piano complementario bilingüe)

-Alumnado por materia

Linguaxe musical:

Pablo Abreu

Linguaxe musical: $9+10+7+11+7 = 44$

13 suspenso 31 aprobados. 42% suspenso 58% aprobados.

Begoña Coello

2º G.E. 8 alumnos

3º G.E. 22 alumnos

4º G.E. 27 alumnos

1º G.P. 15 alumnos

TOTAL 72 alumnos

Ampliaciones:

3º G.E. 1 alumno

1º G.P. 2 alumnos

Renuncias:

4º G.E. 1 alumno

3º G.E. 1 alumno

Pérdidas de Evaluación Contínua:



4º G.E. 1 alumno

Alumnos suspensos:

4º G.E. L.M. 7 alumnos EAV 1 alumno

Alumnos aprobados:

2º G.E. 8 alumnos

3º G.E. 20 alumnos

4º G.E. 19 alumnos de LM y 25 de E.A.V.

1º G.P. 13 alumnos

Rosa Gayoso

7 alumnos 4º GE

Cecilia Martinez/Xiana Insua

1º GE 33 alumnos, máis unha baixa (descontadas tamén dúas alumnas que solicitaron ampliación), en tres grupos de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal.

2º GE 14 alumnos, contando 2 ampliacións, e 2 alumnos* que deixaron de asistir

1º GP 29 alumnos, en dous grupos de Linguaxe Musical, entre os que consta unha alumna* que deixou de asistir en outubro.

2º GP 15 alumnos, unha das cales ampliou (de 1º a 2º)

Os casos referidos con * perderon a avaliación continua e non se presentaron ás probas habilitadas a tales efectos, non superando a materia ou materias.

Gloria Rodríguez

13 alumnos de 1º Grao Elemental.

23 alumnos de 2º Grao Elemental.

12 alumnos de 4º Grao Elemental.



Elvira Rodríguez

51 alumnos

Ana Vaqueiro

24 alumnos de 1º GE

23 alumnos de 3º GE (unha renuncia)

Educación Auditiva e vocal:

Pablo Abreu

11+9+10+7=37

2 suspensos 35 aprobados. 6% suspensos, 94% aprobados

Begoña Coello

2º G.E. 8 alumnos

3º G.E. 22 alumnos

4º G.E. 27 alumnos (1 alumno suspenso y 25 aprobados)

Rosa Gayoso:

7 alumnos 4º GE

Cecilia Martinez/Xiana Insua:

1º GE 33 alumnos, máis unha baixa (descontadas tamén dúas alumnas que solicitaron ampliación), en tres grupos de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal.

2º GE 14 alumnos, contando 2 ampliacións, e 2 alumnos* que deixaron de asistir



Gloria Rodríguez:

13 alumnos de 1º Grao Elemental.

23 alumnos de 2º Grao Elemental.

12 alumnos de 4º Grao Elemental.

As NOTAS FINAIS do meu alumnado foron as seguintes:

De 13 alumnos/as en 1º de Linguaxe Musical e EAV todos/as superaron as materias ademais con boas notas, unha das alumnas ampliou a 2º curso en Novembro e superou 2º con 10 e 9 as miñas materias.

De 23 alumnos/as en 2º de Linguaxe Musical e EAV todos/as superaron as materias excepto unha alumna que deixou de asistir a clases xa no 1º trimestre.

De 12 alumnos/as en 4º de Linguaxe Musical e EAV todos/as superaron as materias, unha alumna trasladouse en marzo ao Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra por traslado de domicilio.

Diego Rodríguez:

3 alumnos

Ana Vaqueiro:

24 alumnos de 1º GE

23 alumnos de 3º GE (unha renuncia)

RTA:

Rosa Gayoso

7 alumnos, desglosados por cursos: 3 de 4º RTA, 2 de 5º RTA e 2 de 6º RTA

Gloria Rodríguez

7 alumnas/os, 6 de 1º e 1 de 2º (4º e 5º de Grao Profesional).



Todos/as os/as alumnos/as de 1º de RTA (4º Grao Profesional) superaron a materia excepto un alumno que deixou de asistir a clase no segundo trimestre; respecto á alumna de 2º de RTA (5º Grao Profesional) superou a materia con 10 /matrícula de honra.

Elvira Rodríguez

7 alumnos

Diego Rodríguez

1 alumno

CADI:

Rosa Gayoso

3 alumnos

Itinerario Pedagogía:

Elvira Rodríguez

13 alumnos

Optativa Música Moderna:

Elvira Rodríguez

8 alumnos

Piano complementario bilingüe

Ana Vaqueiro

4 alumnos de 3º GP e 2 de 4º GP



6.6.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

En xeral, alcanzáronse todos os obxectivos reflectidos nas programacións das diferentes materias.

Cecilia Martinez/Xiana Insua: De xeito xeral, todos os grupos acadaron os obxectivos reflectidos na programación didáctica, agás 3 alumnos en 1º GE. 4 alumnos en 2º GE (2 con perda de avaliación continua), 3 alumnos en 1º GP (1 con perda de avaliación continua) e 1 alumno en 2º GP.

Nos reforzos un total de 5 alumnos dos niveis, 1º, 2º e 3º de GE.

Diego Rodríguez: A adquisición de novos coñecementos teóricos, a mellora nas habilidades rítmicas e de entoación e a mellora nas destrezas auditivas dos alumnos no tocante a linguaxe musical e educación auditiva e vocal.

Con respecto a R.T.A., a mellora na práctica de baixos cifrados, nas reducións orquestrais e na realización de melodías acompañadas.

Ana Vaqueiro: Quero destacar a introdución de diferentes xeitos de traballar co alumnado xa dende o primeiro curso, como creación de música, textos, ritmos, improvisacións en grupo, emprego de instrumentos propios e material Orff, que propiciaron un mellor ambiente de traballo nas clases e un aumento visible da motivación no alumnado.

Na mesma liña, a realización destes traballos en pequenos grupos con tarefas diferentes cada un deles, fomentando o traballo en equipo, a toma de decisións, o respecto mutuo, a responsabilidade individual e colectiva, a organización e a participación de todo o alumnado nas propostas deu moi bos resultados.

-Obxectivos non acadados

Elvira Rodríguez: Diversos, nos casos do alumnado suspenso



Diego Rodríguez: O perfeccionamento da realización de dictados en modo menor no tocante a linguaxe musical e educación auditiva e vocal. Con respecto a R.T.A. conseguir que os alumnos se organizasen dunha maneira axeitada para superar sen agobios os contidos do curso.

Ana Vaqueiro: A mellora do comportamento de certos alumnos que entorpeceron a aprendizaxe dos compañeiros ó longo do curso. A implicación de moitos dos titores no seguimento do seu alumnado.

6.6.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Begoña Coello:

As medidas adoptadas co alumno de N.E.E.

Cecilia Martinez/Xiana Insua:

Considero que o centro ten unha oferta de audicións e concertos ampla e estendida ó longo de todo o curso, o que creo que é profundamente positivo.

Gloria Rodríguez:

Estou moi contenta cos horarios do curso 2017/18 e gustaríame poder mantelos o curso que ven.

Elvira Rodríguez:

Boa organización, tanto dos grupos como dos espazos e actividades. Da gusto traballar nun centro no que te sintes escoitada e valorada. E quero agradecer a todos e cada un dos membros do equipo directivo a súa labor e a súa comprensión e apoio. Así como á xefa do departamento de Linguaxe Musical.

A organización do parquin penso que foi un éxito, aínda que a xente que aparca no medio porque vai saír cedo tamén debería saber onde e como debe deixar o coche pois ás veces impide o bo funcionamento do sistema.

O sistema de audicións me parece case perfecto (no parágrafo seguinte incluirei algún comentario de mellora).



Diego Rodríguez:

A boa organización dos períodos de exames e audicións e a ampla oferta de actividades a desenvolver no auditorio.

Ana Vaqueiro:

A excelente xestión do equipo directivo, destacando a súa dispoñibilidade e prontitude á hora de resolver calquera asunto, a facilitación da conciliación da vida laboral e familiar, e a especial atención e seguimento do alumnado con NEE, entre outras.

O traballo dos compañeiros do Departamento colaborando nas diferentes propostas e enviando os documentos solicitados nos prazos establecidos.

A boa disposición doutros Departamentos (Música Tradicional, Conxunto, Orquestra GE) para organizar actividades conxuntas pese á dificultade organizativa que elo conleva.

A instalación do Office en tódolos ordenadores da sala de profesores.

6.6.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Begoña Coello:

Propoño que se arranxen os problemas de funcionamento das fiestras das aulas.

Rosa Gayoso:

En liñas xerais chámame a atención que de seis alumnos, tres manifestaron ter dúbidas con respecto ó instrumento que estudan e de feito non teñen intención de continuar estudos no conservatorio. A miña reflexión ó respecto é que a proba de acceso a grao elemental adolece dunha parte na que se poidan valorar aspectos coma o interese real do alumnado aspirante así coma outras cuestións que na miña opinión poden facilitar a escolla de instrumento con certo grao de garantía de continuidade. Para eso propoño un estudo da posibilidade de incluír na actividade de Coñece o teu conservatorio unhas sesións de traballo grupal e



de coñecemento máis cercano dos nenos que aspiran a entrar no Centro para que por unha banda poidan probar de xeito físico os instrumentos e pola outra poidan asistir así a algunhas sesións de traballo conxunto onde poidamos valorar certos rasgos de persoalidade que nos poden axudar a orientalos mellor na escolla de instrumento.

Por outra banda quixera salientar a satisfacción con respecto á experiencia levada a cabo en varias sesións nas que fixen propostas de traballo colaborativo que desenvolveron de maneira totalmente autónoma e con moi bos resultados. Isto me leva a afondar no replantexamento das sesións nun formato máis indagativo-colaborativo así coma xeitos de poder avaliar os resultados dos mesmos.

Cecilia Martinez/Xiana Insua:

Revisaría o funcionamento dos reforzos, pois a mistura de alumnado de distintos niveis, e con distintas necesidades na mesma aula e hora de reforzo, fai o tempo de axuda pouco operativo. Poderíase buscar unha fórmula na que só estivesen xuntos os de un nivel, e que cada profesor ou profesora reforzase aos seus propios alumnos.

Gloria Rodríguez:

O alumnado de RTA escolle por orde de curso e nota académica, isto vai en detrimento do alumnado que desexa proseguir coa súa profesora cando chega o seu turno. Opino que o próximo curso podemos comezar coa escolla horaria nos cursos superiores, xa que ao tratarse de alumnado maior de 15/16 anos non precisa de prioridades horarias como sucede no grao elemental ou primeiro ciclo de profesional.

Os horarios dos cursos programados polo CFRE son na súa meirande parte impartidos de tarde en detrimento do profesorado de ensinanzas artísticas, deberían ofertarse algúns en horario de mañá.

Elvira Rodríguez:



Penso que sería conveniente retomar a presentación dos itinerarios e optativas ó alumnado que finaliza 5º curso, para que podan escoller con mais criterio e que coñezan ó profesorado que imparte isas materias.

Por outro lado, tamén comentar, aínda que xa o fixen en outras ocasións, que o sistema de planificación das titorías cos pais e nais de alumnado non me parece o mais conveniente. Penso que sería moito mais rápido, efectivo e directo a solicitude directa ó profesor implicado, aínda que logo se cubrira un impreso ou táboa para levar o control.

Por último, dicir, como tamén comentei noutras ocasións, que os profesores titores, ou calqueira outro, deberían ter a precaución de notificar cando o seu alumnado vai facer audición no centro e fora do establecido no cadro de audicións e, tamén, cando deben deixar a clase previa antes do horario normal de saída (por exemplo para poder ensaiar ou preparar o material) pois a maioría do alumnado e menor de idade e nos non debemos deixar saír ó alumnado da clase antes da hora sen a supervisión dun adulto competente. Neste curso déuseme o caso en varias ocasións e non puideron deixalos saír antes de soar o timbre.

Incidindo sobre o punto anterior, considero imprescindible que cando un profesor ou profesora decide cambiar ou intercambiar o horario da audición, debería avisar ó profesorado implicado neses alumnos o antes posible, pois nos tamén temos que planificar as nosas probas deixando o tempo suficiente para poder corrixilas, e, sobre todo, no caso do ditado é fundamental que todo o grupo poda asistir, pois non será posible facer esa proba noutro momento xa que iso implica un horario dispoñible, un aula con piano e un traballo extra innecesario para o profesor e para o alumno.

Diego Rodríguez:

Permitir ó alumnado beber auga na sala de profesores.

Ana Vaqueiro:



Considero prioritario mellorar o sistema de acción tutorial, tendo en conta a información que aporta o seguimento mensual, de maneira que se garanta que dita información chega en tempo e forma ás familias e sirva para que se tomen medidas. Salvo excepcións, tal e como se ven realizando ata o de agora adoita ser un traballo inútil.

Dende o meu punto de vista, o seguimento do alumnado debería facelo cada un dos titores/profesores de instrumento, facendo constar nun documento a evolución de cada alumno nas diferentes materias e trasladando esa información ás familias xunto coas medidas a adoptar, no caso de ser necesarias.

Relacionado co seguimento, é cada vez máis necesario abordar un sistema de control e medidas correctoras para o alumnado disruptivo, que non aproveita as clases e que entorpece o progreso dos compañeiros. Como se comentou nas reunións de Dpto. se estes alumnos e as súas familias viran que se toman medidas dende o principio non seguirían ano tras ano con ese tipo de comportamentos.

Nas reunións do Dpto. falouse de diferentes opcións para a organización dos reforzos. Unha boa opción sería ter unha aula asignada nas horas de tutoría para que cada profesor poida realizar o reforzo do seu alumnado nese tempo.

Concienciar ós alumnos e ós seus titores do problema que supón para os profesores de Linguaxe musical de grao elemental o feito de que os alumnos falten a clase ou pretendan marchar no transcurso dela porque teñen audición de instrumento ou ensaio co pianista.

Tamén habería que informar debidamente ás familias, que moitas veces dinlle ós menores que marchen de clase antes da hora establecida para ir o médico por exemplo, poñendo nun compromiso ó profesor. Unha posible solución sería ter un rexistro na conserxería, como nos colexios, na que os pais asinen cando veñan recoller ós fillos antes do final das clases.



Propoño entregar a cada alumno unha ficha de recollida de datos no día da presentación que devolverá cuberta no momento da escolla de horario, co fin de poder informalos mediante correo electrónico das actividades que organiza o Departamento. Tódolos anos chéganme casos de alumnos que se quedaron fora dalgunha actividade porque non se lles informou a tempo ou correctamente.

Penso que a ubicación a carón do auditorio do teclado para actuacións non é idónea xa que imposibilita as pequenas actuacións que se poderían facer alí durante as semanas de audicións. No caso de mes de maio, por exemplo, non hai un só día libre de audicións no auditorio, co cal resulta imposible aproveitar este espazo. Sería mellor, dende o meu punto de vista, unha ubicación alonxada do auditorio para que as actividades de ambos espazos poideran ser simultáneas.

Con vistas a dar continuidade e visibilidade, e facilitar ós proxectos de aula cooperativa que varias profesoras do Dpto. viñemos desenrolando neste curso, gustaríame solicitar unha vez máis a apertura dunha conta de Google for Education para o centro. Cando a solicitei hai anos argumentouse que xa tiñamos Aula virtual, mais ninguén tiña as claves nin xeito de obtelas, aparte de que é un sistema antigo e moi farragoso tanto para o profesorado como para os cativos. En canto poida elaborarei un documento coas vantaxes e beneficios para o alumnado e profesorado do uso deste sistema, posibilidades que ofrece, etc...

Dado que os cursos do CFR soen ser de tarde, gustaríame que se organizasen no propio centro clases ou cursos sobre o manexo de aplicacións informáticas de uso habitual tipo Word, Excel, etc... ou sobre a montaxe dos equipos de reprodución ou grabación de son e imaxe no auditorio.

Tras a realización neste curso de varias actividades de formación relacionadas co alumnado con TEA (Trastornos do Espectro Autista) gustaríame propoñer a sinalización do centro con pictogramas, para o cal contariamos co asesoramento de ARASAAC, organización que impartiu o curso o que asistín sobre “Comunicación aumentativa e alternativa” e que nos proporcionaría os pictogramas. En



canto poida elaborarei e presentarei este proxecto ó equipo directivo.

6.6.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Pablo Abreu:

Envío carta á RAE sobre modificación entradas no diccionario de termos musicais.

Rosa Gayoso:

Todo o alumnado de RTA e CADI puxo en escea unha audición de creación musical libre que levou por título “Embígate” e foi levada ó auditorio o 27 de Abril, coa participación de varios alumnos colaboradores.

Posteriormente artellamos o mércores 30 unha sesión de visionado e percura de conclusións para introducir melloras.

Gloria Rodríguez:

No primeiro trimestre proxectei na biblioteca o vídeo da IV mostra teatral-musical do club enxeñar (2017) como reclamo para captar participantes para o curso 2017/18.

No primeiro trimestre todos os meus grupos de linguaxe musical e EAV participaron na semana previa ás vacacións de Nadal (do 15 ao 21 de Decembro), nas representacións navideñas realizadas na nova tarima do hall do Conservatorio (duración 15-20 minutos por grupo).

No primeiro trimestre o meu alumnado de linguaxe musical e EAV participou na miña proposta de traballo para o meu alumnado de RTA, interpretando arranxos a 2 e 3 voces de temas coñecidos, harmonizados e acompañados polo propio alumnado de RTA.

No segundo trimestre o meu alumnado de RTA participou no VI concurso de



composición “Martín Codax” do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Igualmente animeinos a participar no concurso “Rosaliano” do noso propio conservatorio, conseguindo soamente que 2 participaran, e producíndose polo tanto a cancelación do concurso por falla de participación.

No terceiro trimestre o meu alumnado de 4º de linguaxe musical e o da profesora Begoña Coello (34 participantes en total), participou nun simulacro de ditados de pase de grao no auditorio organizado por min mesma. Esta proposta non foi falada con anterioridade no departamento, polo que xerou malestar dentro do mesmo, dende aquí pido disculpas.

No terceiro trimestre 6 alumnos/as de 1º e 2º de RTA participaron na semana das letras galegas (14 de Maio), organizada polo departamento de normalización lingüística, interpretando composicións realizadas por eles/as mesmos/as para piano e voz dende diferentes poemas galegos. O concerto realizouse dentro da audición da semana das letras galegas do departamento de canto (profesores Jose Antonio Campo e Tatiana Sajarova), e en colaboración co Departamento de Normalización Lingüística.

No terceiro trimestre 6 alumnos/as do centro, que formaron parte do club enxeñar, creado por min mesma durante o curso 2013/14, e que consistía en poñer en escea 5 pezas teatrais-musicais enxeñadas a partir das diferentes tendencias da música do século XX, de 8 minutos de duración cada peza, e interpretada con escenografía, vestuario e iluminación axeitada durante a semana das letras galegas (11 de Maio) e en colaboración co Departamento de Normalización Lingüística. Ademais proxectei na biblioteca o 25 de Maio o vídeo desta V mostra 2018 para unha veintena de asistentes. O club reuniuse unha hora por semana salvo na segunda quincena do mes de abril que tivemos que ampliálo horario a case dúas horas.

No terceiro trimestre o meu alumnado participou na semana de “Musicais” o 28



ao 31 de maio, actividade organizada por min mesma e que consistiu na preparación dun poupurrí de musicais por curso de EAV. O alumnado encargouse da realización dos carteis, do deseño do vestiario, das ideas para as coreografías-escenografías, etc. Realizáronse as representacións no propio auditorio do Conservatorio, e os musicais representados foron os seguintes: Annie, West side Story, Mamma Mia, Os miserables, Moulin Rouge e Grease.

Ademais debo destacar que:

A resolución do 28 de Decembro de 2017 para incentivar os clubs de lectura dos centros educativos, concedeume 1150 euros que empreguei na merca de libros e duns focos de iluminación para a posta en escea das pezas creadas e interpretadas durante este curso polo club enxeñar.

Que aínda que non participei na actividade “no bico un cantar”, sí informei e animei ao meu alumnado a participar (participaron en total 5).

Elvira Rodríguez:

Pola miña parte, unicamente destacar a participación dunha alumna miña de RTA na actividade “O bico un cantar” como pianista acompañante no concerto previo para a semana das letras galegas.

Así mesmo, tamén quero reseñar a miña participación, como nos cinco anos precedentes, na preparación e acompañamento na actividade do alumnado participante na, mencionada anteriormente, actividade de “O bico un cantar”.

A propósito da actividade da que estou a falar, quero reflectir, tamén unha vez mais pois xa o fixen nalgunha ocasión, o meu absoluto desacordo con esa actividade, pois é a todas luces un negocio privado, e presumiblemente moi lucrativo, artellado por varios persoaxes ben relacionados nos estratos superiores do sistema educativo e cultural da nosa comunidade. Sen que haxa o mais mínimo atisbo de cambios, novidades, avances ou melloras na mesma.

A miña única motivación para asistir a tal actividade é a ilusión que produce ós



nosos alumnos e a busca do beneficio que poida reportar ó noso centro.

Diego Rodríguez:

Foron de interese as audicións organizadas por varias profesoras do departamento co seu alumnado.

Ana Vaqueiro:

Neste curso fíxeme cargo do Coro GE, contando coa excelente colaboración de Julio Domínguez, director de coro e alumno do Conservatorio Superior, que realizou as prácticas de Pedagogía no noso centro. Contamos con 18 alumnos que asistiron regularmente ó longo de todo o curso e participamos en dúas actuacións, unha na igrexa da Florida o 20 de decembro no Concerto de Nadal dos coros, e outra o 15 de Maio no auditorio, acompañados polo conxunto de metais e alumnado de LM que participou na actividade No bico un cantar. Ademais a maioría dos integrantes do coro participaron na saída a Betanzos do 1 de Xuño para dita actividade.

A principios de curso, coa colaboración de Julia, actualicei o inventario de instrumental Orff e trasladei material que levaba anos sen ser empregado, por estar gardado no almacén ou diseminado por diferentes aulas, distribuíndoo entre as aulas de Linguaxe Musical, segundo as necesidades do profesorado do Dpto.

O 31 de outubro, víspera do Samaín o alumnado dos meus grupos de 3º GE interpretou no hall a carón do auditorio o conto titulado “A pantasma do Conservatorio”, con cancións a unha e varias voces e acompañados dos seus propios instrumentos.

Os meus grupos de Linguaxe Musical e o meu alumnado de Piano Complementario actuaron no hall de entrada na semana anterior ás vacacións de Nadal, interpretando panxoliñas e arranxos para piano a 2 e 4 mans.

En colaboración co ENDL e o equipo de actividades, o alumnado do Dpto. interpretou no Concerto de Nadal a canción “Nadal en Mos” acompañados por gaitas



e percusión tradicional.

O grupo 1º F de grao elemental colaborou co alumnado de 6º GP na representación do Carnaval dos animais de Saint-Saëns o 5 de Febreiro no auditorio. Durante o mes de xaneiro, adicamos parte das clases ós ensaios das coreografías creadas pola alumna de 2º GP Ruth Jones para a ocasión, quen foi ademáis a narradora. Os alumnos valoraron moi positivamente esta experiencia e pediron realizar máis actividades deste tipo.

O 21 de maio o meu alumnado de 1º GE representou no auditorio o conto musical “Los siete amigos... y uno más” con teatro, canciónes a unha e varias voces e acompañados nalgúns casos polos seus instrumentos.

O 22 de maio o meu alumnado de 3º GE representou no auditorio o conto musical “El jade místico” con narración, cancións e improvisacións con instrumentos Orff. Ademáis unha das alumnas de Piano complementario de 3º GP interpretou como parte do conto 4 pezas para piano de diferentes estilos nas que os alumnos de LM realizaban distintas coreografías.

O 25 de maio o alumnado de 1ºF de grao elemental representou no auditorio o conto creado por eles mesmo coa música da Danza das horas de Ponchielli, con narración, teatro, coreografías e cancións. Na mesma audición desfrutamos da orquestra de grao elemental interpretando o Canon de Pachelbel baixo a dirección da profesora de violín Laura Quintillán.

Como en anos anteriores colaborei cos ensaios e organización da actividade No bico un cantar, e acompañei xunto con Elvira ós 30 alumnos participantes ó concerto en Betanzos o día 1 de Xuño.



6.7 Departamento de Música Tradicional

6.7.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

40 alumnos

-Alumnado por materia

Gaita galega: 27

Acordeón: 13

Conxunto Acordeón: 9

Conxunto Gaita Galega: 17

Optativa música tradicional galega.: 5

Optativa iniciación ao jazz: 10

6.7.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Facer que as/os alumnas/os entendan a música coma un aspecto fundamental da formación do individuo.

Fomentar a musicalidade e creatividade das/os alumnas/os.

Aumentar memorización e imaxinación musical da/o alumna/o, así como a conexión entre o ouvido e o instrumento.

Conseguir que o alumno acade un bo control do instrumento en xeral, coidando a posición e correspondencia da coordinación na interpretación da música.

Empregar puntualmente as diferentes escolas interpretativas, tendo en conta a evolución en distintos períodos da historia da música que concerne ás especialidades instrumentísticas, e especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación que deberá axustarse, cando proceda, ás obras a interpretar.

Asegurar que o repertorio inclúa a mellor quenda de obras representativas das



diversas épocas e estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

Practicar a lectura a primeira vista no instrumento

Seleccionar o grao de dificultade das obras ou material de traballo a interpretar para tratar de conseguir o mellor resultado do labor de conxunto do alumnado conforme a colectividade desta disciplina no curso.

-Obxectivos acadados

Todos

-Obxectivos non acadados

Ningún

6.7.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Boa organización, cantidade e calidade das actividades organizadas, bo ambiente de traballo, boa comunicación co equipo directivo.

6.7.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

A clase colectiva no grao elemental, sería moi beneficiosa e necesaria no desenvolvemento curricular da disciplina, polo cal sería moi adecuado que se incluíse no cadro horario do próximo curso, tanto en gaita como en acordeón.

Por outro lado, sería idóneo que as caixas sordas que forman parte da aula se completasen co seu soporte correspondente, xa que a utilización das mesmas sen un soporte que proporciona unha correcta distancia e posición corporal, propicia posturas incorrectas e con elo, problemas derivados como lesións.

O departamento, e en concreto acordeón, segue a precisar como se dixo o ano pasado, outro acordeón pequeno para cubrir sobre todo ese periodo onde os alumnos non teñen instrumento propio, e un maior para a música de cámara e RTA do grao profesional. Polo tanto, solicita cubrir as necesidades de acordeón



coa compra destes dous instrumentos ou similares.

Co obxectivo de acadar unha mellor organización, o departamento solicita unha mellor distribución dos materiais (cadeiras e estantes), para axilizar os comezos nas clases nas aulas C16 e C17, nas franxas horarias de 19 a 22 os mércores e xoves. A aula de acordeón quédase moi pequena para as aulas de conxunto e colectivas, solicítase un espazo máis grande con piano.

6.7.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Colaboración co departamento de dinamización da lingüa galega nas distintas actividades organizadas no curso 2017-18, especialmente na semana das letras galegas.

Celebración dunha audición de aula de grao profesional de gaita na semana anterior á audición do auditorio e dúas audición de aula de grao elemental de gaita.

Organización dunha audición de fin de curso de GE gaita no auditorio.

Organización de actividades conxuntas coa ETRAD de Vigo.

Participación nas xornadas de portas abertas nas dúas especialidades do departamento.

As/os alumnas/os de acordeón participaron tamén en catro audicións ao longo do curso.

Organización de dous talleres de fisioterapia coa clínica Fimar de Redondela.

Participaron asimesmo, na Semana das Letras Galegas e nos Concertos en familia, facendo tres grupos de cámara para a ocasión, dous de acordeón e un de gaita.

Participación no concerto do grupo "Os Terribles de Donas" e na homenaxe a Henrique Otero adicado ás mulleres gaiteiras

Audición conxunta co alumnado de Linguaxe musical no concerto de Nadal.



Participación no festival internacional de Alcobaça, Portugal, na especialidade de acordeón.

Concerto do grupo "Meiriño Cid e asocia2" celebrando o vintecinco aniversario da implantación da disciplina de acordeón nos conservatorios galegos.



6.8 Departamento de Percusión

6.8.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

32 alumnos

-Alumnado Prof. Marcos Corbacho Paz

Percusión: 18 alumnos

Conxunto: 8 alumnos

Música de Cámara: 3 alumnos

-Alumnado Prof. David Rodríguez García

Percusión: 14 alumnos

Música de Cámara: 4 alumnos

6.8.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

No departamento de Percusión acadáronse a totalidade dos obxectivos propostos para o presente curso 2017/2018, que son os seguintes:

Ofertar dentro das posibilidades da materia un ensino de calidade e atractivo e que actúe como motivador extrínseco no alumnado.

Seleccionar un repertorio axeitado ao nivel do alumnado e aos obxectivos do curso adecuándonos na medida do posible aos seus intereses e gustos.

Prestar atención e adecuarnos á diversidade das capacidades do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.

Fomentar un bo clima de traballo e convivencia tanto nas clases como fóra delas.

Facer partícipe e coñecedor ao alumnado do sistema de avaliación.



Realizar un seguimento efectivo do alumnado e da programación didáctica co fin de introducir melloras no proceso de ensinanza-aprendizaxe en caso de ser necesario.

Manter en todo momento unha canle aberta de comunicación e cooperación entre os membros do departamento.

Colaborar na medida do posible nas actividades que leven a cabo o resto de departamentos do centro, tanto a nivel humano como loxístico.

-Obxectivos non acadados

Como se comentou no apartado anterior, todos os obxectivos foron acadados.

6.8.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Desde o departamento de percusión queremos salientar os seguintes aspectos:

Que se estean a respectar as franxas libres de docencia nas aulas de percusión facilitando dese modo o estudo do alumnado, empregándoas soamente para actividade lectiva doutros instrumentos en última instancia.

A organización e planificación do curso académico con claridade e antelación.

O ambiente de traballo en xeral.

Apertura do centro en fin de semana posibilitando e facilitando a realización de actividades complementarias ou extraescolares en caso de querer programalas ou de xurdir a necesidade, ademáis de engadir tempo extra de estudo ao alumnado.

6.8.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Como propostas de mellora faise necesaria unha inversión en material instrumental tal e como vimos solicitando nos últimos cursos non soamente porque se comparta o material con outras materias como audicións de Linguaxe Musical,



Orquestras Junior e Senior e Bandas Junior e Senior, senón porque estas mesmas agrupacións demandan un determinado instrumental para poder levar a cabo os seus programas de concerto e do que non se dispón na aula de percusión. Este material foi solicitado a principio de curso a través dun escrito remitido á secretaria do centro polo profesor Ángel Montes e o departamento de Percusión e estamos á espera de que poida incluírse no vindeiro orzamento.

En concreto o instrumental necesario sería o seguinte:

Adquisición de material de pequena percusión necesario tanto para as materias de banda e orquestra como para a propia materia de percusión:

Platos de choque de 16", xa que o alumnado dos primeiros cursos de profesional non pode cos que dispoñemos de 20" e pode dar lugar a lesións.

Unha pandeireta orquestral: O centro non dispón dun instrumento de calidade e practicamente non existe hoxe en día partitura de banda que non a empregue.

Castañolas de mango: As que hai de mesa non soan, xa que ao ser de mala calidade están xordas, perdéndose o efecto do seu son nas actuacións en que son empregadas.

Güiro: O centro carece deste instrumento que está presente na maioría dos traballos para banda da actualidade.

Dous soportes baixos de caixa: Fanse necesarios para a montaxe de obras de multipercusión, xa que ao dispoñer de poucos destes soportes o alumnado véese na obriga de usar os dous altos que temos, creando unha descompensación nas alturas difícilmente solucionable.

Dispoñer de batedores na aula: Un xogo de varillas de triángulo, baquetas de bombo e martillos de campá.

Un par de congas para que puidera dispoñer delas a materia de Jazz e que no mesmo horario a materia de banda puidese dispoñer doutras.

Conviría tratar de reducir a altura da marimba Bergerault da aula A2 xa que é un



instrumento demasiado alto para o alumnado de elemental e non ten posibilidade de axuste, polo que valoraríamos a conveniencia de substituír as rodas por ser algo sinxelo de modificar.

Faise necesaria a substitución dos parches dos timbais xa que nos case 15 anos que ten o conservatorio nunca foron cambiados.

Por último, para o vindeiro curso sería necesario afinar o xilófono que se atopa na cabina 5, xa que neste momento o estado no que está é moi deficiente.

6.8.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

O departamento de Percusión é un dos máis activos do CMUS Profesional de Vigo e como mostra, ademáis de participar nos tres períodos de audicións do centro, o alumnado de percusión levou a cabo as seguintes actividades:

Show de entroido “O Percuciento”

Participación de Jorge Denis no concerto de Sta. Icíá

Participación de Hannah Siebert e Laura González co grupo de Conxunto de acordeóns do profesor Daniel Meiriño

Participación de Carlos Rodríguez na audición de bombardino do profesor Antonio Iborra

Participación de Daniel Piñeiro coa Orquestra Junior no concerto celebrado en Porriño

Participación de Jorge Denis coa Orquestra Senior

Recital Fin de Grao Profesional do alumno Jorge Denis

Colaboracións co profesorado de Linguaxe Musical e Coro, tanto cedendo instrumental do departamento como participando alumnos nas actividades (Elvira Rodríguez e Gloria Rodríguez).



6.9 Departamento de Piano Acompañante

6.9.1 Datos do alumnado

Alumnado total do departamento:

450 alumnos (160 de GE e 290 de GP).

6.9.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Que o alumnado ao que se acompaña supere coa maior solvencia as audicións e recitais que debe afrontar ao longo do curso.

Traballar e reforzar aspectos musicais complementarios á clase de instrumento.

-Obxectivos acadados

Na maioría dos casos acadáronse os obxectivos marcados para o curso.

-Obxectivos non acadados

Durante este curso as datas de entrega do listado de partituras a acompañar estivo reflectido na PXA e no caderno do profesor, co cal as datas sabíanse dende o principio de curso. Soamente no terceiro trimestre houbo algunhas audicións que non foron acompañadas porque os profesores correspondentes non enviaron o listado en prazo ou porque cambiaron as obras de dita lista. De todas maneiras o alumnado de 4º de GE e de 6º de GP foi acompañado igualmente en audición e se seguiu ensaiando con todos os alumnos xa que o ensaio é parte da súa aprendizaxe.

6.9.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Agradecer á Dirección por facilitarnos e apoiarnos sempre no labor do departamento.

Organización e xestión xeral do centro.

Moi boa planificación por parte de vicedirección das audicións trimestrais, ao que



agradecemos que envíe con tanta antelación o calendario coas franxas horarias.

O Departamento acorda un ano máis seguir acompañando os Pases de Grao Elemental tanto aos alumnos do centro como aos alumnos de fora que o soliciten.

6.9.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Limpeza do pianos, incluíndo o moble por dentro e o teclado.

Continuar coa afinación e regulación de pianos do departamento regularmente.

Aumentar alomenos o tempo de ensaio do alumnado de 3º y 4º de Grao Profesional de 20 a 30 minutos dado que moitos deles tocan obras importantes e densas que só da tempo a tocalas de arriba a abaixo sen posibilidade de repetir ou traballalas detidamente. Todas as especialidades teñen nestes cursos obras de traballo de gran formato e dificultade.

Aumentar o tempo de ensaio en Grao Elemental a 15 minutos de 1º a 3º e 20 minutos en 4º. Este tempo é necesario para afinar co alumnado e para poder preparar en condicións as obras a tocar nas audicións. Ademais o traballo co pianista acompañante é moi importante no Grao Elemental dado que o alumnado necesita deste apoio para mellorar en aspectos como afinación, ritmo o desenvolver a capacidade de escoita.

Consensuar co profesorado titor as datas e horas de todas as audicións que se realicen dado que nós como profesores temos que atender tamén ao noso alumnado de piano e piano complementario.

Recordar a todo o profesorado que os 3 ensaios mínimos esixidos son previos á semana de audición.

Seguir solicitando á Dirección que na medida das posibilidades o/a pianista acompañante poda permutar as súas gardas por horas de acompañamento.



Solicitar ao profesor/a titor/a que antes de falar co vicedirector consensúe sempre co pianista acompañante as datas e horas das audicións ou recitais.

Mellorar a comunicación nalgúns casos entre o profesor pianista acompañante e o profesor/a titor/a.

Solicitar que o profesorado comunique ao/a pianista acompañante ao inicio de cada trimestre se o seu alumnado tocará nas audicións fixadas polo centro ou fóra delas.

Recordar ao profesorado titor que as obras de gran embergadura se entreguen a principio de curso aos pianistas acompañantes.

O Departamento ve necesario aumentar en 20 horas, unha xornada máis, as horas de acompañamento para poder dedicar e traballar dunha maneira correcta e adecuada con todo o alumnado tanto de Grao Elemental como Profesional.

6.9.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Audicións trimestrais marcadas e aprobadas polo claustro ao inicio do curso:

1º trimestre: do 22 de novembro ao 5 de decembro.

2º trimestre: do 5 de marzo ao 16 de marzo.

3º trimestre: do 10 de maio ao 1 de xuño.

Audicións fóra das datas anteriores ou de carácter extraordinario: marcadas en negra.

Manuel García Chaves

1º Trimestre:

22 de Novembro Trompeta

27 de Novembro Saxo

28 de Novembro Saxo



11 de Decembro Saxo

2º trimestre:

5 de Marzo Saxo

6 de Marzo Trompeta

8 de Marzo Recital 6º Saxo

9 de Marzo Saxo

3º trimestre:

10 de Abril Saxo (2 audicións)

14 de Maio Saxo

15 de Maio Saxo (2 audicións)

15 de Maio Trompeta

21 de Maio Saxo

29 de Maio Trompeta

5 Xuño Premio Saxo

Eva Palacios Toledo

1º Trimestre:

Audición Frauta, Martes, **19 de Decembro**

2º Trimestre:

Audicións Frauta: Mércores, 7 de Marzo e Venres, **23 de Marzo**

3º Trimestre:

Recital de fin de Grado Profesional: Martes, 8 de Maio

Audición Frauta: Venres, 11 de Maio

Ma del Mar Gómez Vieites

1º Trimestre:

16 novembro, GE e GP de Frauta

22 novembro, GP Trompa



24 novembro, GE e GP Contrabaixo

1 decembro, GE Trompa

1 decembro GP Violín

14 decembro, GE Violín

Concerto de Nadal, Conxunto de alumnos de violín

2º Trimestre:

1 marzo, GE e GP Fruta

8 marzo GE e GP Contrabaixo

13 marzo GE e GP Violín

16 marzo GE e GP Trompa

18 abril Audición de aula Trompa (preparación silumalacro 4º E)

3º Trimestre:

25 maio, GE e GP Violín

25 maio, GP Trompa

31 maio, GE e GP Contrabaixo

31 maio, GE e GP Fruta

1 xuño, GE Trompa

24 de maio, simulacro de Fruta na B12

30 de maio, simulacro de Violín na aula de Orquesta

Blanca Vázquez Hermida

1º trimestre:

27 de novembro: Canto

2º Trimestre:

1 de marzo: Viola

5 de marzo: Canto

3º Trimestre:

2 de maio recital Fin de Grao Profesional Lucía Molina



14 de maio audición de Canto na semana das Letras Galegas

4 de xuño Premio Fin de Grao Lucía Molina

Alina Pociute

1º trimestre:

21 de novembro 20:00-21:00 - GP de **tuba**. Antonio Rodríguez Iborra.

22 de novembro 16:30-17:00 - GP de tuba. Antonio Rodríguez Iborra.

27 de novembro 20:00-21:00 - GP de clarinete. Javier Abalde.

28 de novembro 17:00-18:00 - GP de clarinete. Javier Abalde.

28 de novembro 19:00-20:00 - GP de clarinete. Javier Abalde.

4 de decembro 19:00-20:00 - GP de tuba: Carlos Díaz.

12 de decembro 18:00-21:00 - GE y GP de **violín**. Mykolas Pocius.

Concerto de Nadal - alumna 1º GP de clarinete de Javier Abalde, Saray Fernández Rodríguez.

Pilar Gómez Fernández (profesora substituta de Alina no 2º e 3º trimestre):

2º Trimestre:

8 de febreiro, acompañamento clarinete J. Abalde Concerto de Entroido

Bombardino Antonio:

6 de Marzo.

Violín Mikolas:

8 e 23 de Marzo.

Clarinete Javier:

13 e 16 de Marzo.

3º Trimestre:

Bombardino Antonio:

7 e 9 de Maio (alumnos de sexto)

28 de Maio o resto



Bombardino e tuba Juan Carlos:

28 de Maio.

Clarinete Javier:

29 de Maio (audición pechada na aula C9).

Violín Mikolas:

31 de Maio.

PREMIOS FIN DE GRAO

4 de xuño (violín) e 5 de xuño (bombardino)

Berta Fresco Bello

Instrumento: VIOLIN

1º Trimestre:

14/XII: Alumnos de Marcos (19-20.30) C16

2º Trimestre:

7/III: Alumnos de Marcos (16-18). Auditorio

15/III: Alumnos de Marcos (19-20.30) C16

3º Trimestre:

16/V: Alumnos de Marcos (15-16). Auditorio

24/V: Alumnos de Marcos (18-20). C16

Instrumento: CLARINETE

1º Trimestre:

22/XI: Alumnos de Marta (17-18). Auditorio

28/XI: Alumnos de Marta (19-20). Auditorio

29/XI: Alumnos de Felipe (15-17.30). Auditorio

2º Trimestre:

5/III: Alumnos de Felipe (21-22)- Auditorio

6/III: Alumnos de Felipe(20-21)- Auditorio

13/III: Alumnos de Marta (20.30-21)- Auditorio



3º Trimestre:

10/V: Alumnos de Marta (17-18). Auditorio

29/V: Alumnos de Marta (19-20). Auditorio

Instrumento: TROMPA

1º Trimestre: 1/XII: Alumnos de Oscar (12-12.30) Auditorio

2º Trimestre: 14/III: Alumnos de Oscar (19-20). Auditorio

20/III: alumnos de Sergio (16-17)- Auditorio

3º Trimestre:

25/IV: Alumnos de Oscar (19-20). C9

8/V: Alumnos de Sergio (16-16.30) Auditorio

15/V: Alumnos de Oscar (18-19) Auditorio

24/V: Alumnos de 4º GE de Oscar (16-17)

AUDICIÓNS ADICIONAIS

Concerto de Nadal, 21 de decembro (alumno de Oscar Davila)

Concerto de alumnado de 6º GP: 22 de maio (alumnos de Felipe)

Premios Fin de Grao: 4 de xuño, 3 alumnos de Felipe

Cecilia Blanco Formoso

1º trimestre:

27 novembro, Clarinete GE Javier Abalde 19h

28 novembro, Clarinete GE Javier Abalde 20h

30 novembro, Fruta GP Julia 21h

1 decembro, Fagot GE e GP 15h

1 decembro, Óboe GE 20h

4 decembro, Óboe GE 15:30h

4 decembro, Violín GE J.Manuel 21h

20 decembro, Concerto de Nadal

2º trimestre:



25 xaneiro, Violín GP J. Manuel 20h

8 de febreiro, Concerto de Entroido

5 marzo, Clarinete GE J. Abalde 20h

7 marzo, Óboe GE 20:30h

13 marzo, Fruta GP Julia 16h

13 marzo, Fagot GE e GP 20h

10 abril, Violín GE J. Manuel 19h

3º Trimestre:

16 maio, Fagot GE e GP 17h

21 maio, Violín J. Manuel 18h

22 maio, Fruta GP Julia 17h

24 maio, Óboe GE 19h

24 maio, Violín GP J. Manuel 20h

29 maio, examen GE J. Abalde 19:40h

30 maio, simulacro Violín GE J. Manuel 20h

31 maio, recital Fruta 5º GP Julia 15h

11 xuño, simulacro Clarinete 4º GE J. Abalde

David Váscquez Pueyo

1º Trimestre:

20 nov concerto Santa Cecilia

27 novembro audición de clarinete

29 novembro audición de chelo

5 decembro audición de percusión

18 decembro audición de chelo

2º Trimestre:

26 xaneiro audición de violín

1 marzo audición de viola



6 marzo audición de chelo

7 marzo audición de gaita

14 marzo audición clarinete

14 marzo audición chelo

16 marzo audición chelo

3º Trimestre:

11 maio audición violín

16 maio audición chelo

29 maio audición percusión

30 maio audición de gaita

1 xuño audición de chelo

6 xuño audición de chelo-violín

Pablo Souto Acevedo (sustituto do profesor J. Luis Reguilón)

2º Trimestre:

Martes 27 Febrero : Audición Trombón (GE)

Lunes 5 Marzo (De 16.00 h a 17.00h): Audición trombón: (GP)

Miercoles 7 Marzo: Audición trombón (De 18.00 h a 20.00h) (GP)

Martes 6 de Marzo (De 16.30h a 17.30h) : Audición Trompeta.

3º Trimestre:

Martes 8 de Maio (De 19.00h a 20.30h) : Audición trombón (GE)

Miercoles 23 de Maio (De 17.00h a 18.00h) : Audición trombón . (GP).

Abel Dueñas Roca

1º Trimestre:

Óboe: xoves 30 novembro 15h.

Clarinete: luns 27 novembro 20h.



Tuba: martes 5 decembro 19h.

2º Trimestre:

Tuba: mércores 21 marzo 19h

Clarinete: luns 5 marzo 20:30, martes 13 marzo 20:30

Óboe: venres 23 marzo 15h, 7 marzo 15h.

3º Trimestre:

Óboe: venres 25 maio 19h.

Clarinete: venres 4 maio

Simulacro 4º elemental clarinete: 31 de maio xoves 16:15



6.10 Departamento de Tecla

6.10.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

274 alumnos

-Alumnado por materia

Piano: 97 alumnos

GE: 39 alumnos

GP: 58 alumnos

Piano Complementario: 177 alumnos

6.10.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Cumprir con todos os requisitos da programación, especialmente no referido ó repertorio e número mínimo de obras que han de traballar os alumnos, así como coa participación de todos os alumnos do departamento nalgúnhas das audicións trimestrais organizadas polo centro, así como en audicións de aula. Por outra banda, os alumnos de 2º, 4º e 6º de Grao Profesional de piano participaron en audicións específicas para avaliar a calidade do traballo realizado e as súas aptitudes para afrontar o curso seguinte. Todo isto tradúcese nunha homoxeneidade de actuación e, o que é máis importante, na procura dunha homoxeneización de criterios. O diálogo, ó tratarse de audicións en conxunto, é moi produtivo e interesante entre os profesores. Nestas diferentes audicións podemos contrastar o nivel entre os alumnos do mesmo curso e de diferentes profesores. E para os alumnos supón a posta en escena do seu traballo e a comparación positiva deste con respecto ós seus compañeiros.

Falar dos alumnos con baixo rendemento segundo as programacións en cada



reunión de departamento. Elaborábase unha lista que era enviada a CCP mensualmente.

Participación dos alumnos en actividades complementarias ou extraordinarias.
Consecución dos obxectivos específicos da Programación pero sempre adaptándoos ás circunstancias específicas de cada alumno.

Revisión das programacións de piano e piano complementario.

-Obxectivos non acadados

Curso de piano a cargo dalgún profesor externo.

6.10.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Organización e xestión xeral do centro moi boas.

Boa planificación das audicións trimestrais.

Seguimento da programación a nivel departamental boa.

Boa colaboración do profesorado e moi boa resposta do alumnado na audición de Piano complementario que organizou o profesor D. Francisco Javier Bouza.

Fraccionáronse, nalgúns casos, as clases en dous tramos de media hora semanal, no caso do alumnado de 1º y 2º de Grado Elemental, e a experiencia indica que pode ser favorable para a súa concentración na aula, aínda que non en todos os casos polo que debe ser estudado de forma personalizada.

6.10.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Limpeza dos pianos, tanto do moble como do teclado.

Afinación e regulación dos pianos.

Merca dunha banquetta de concerto para o piano do auditorio, xa que a existente é moi ruidosa, e afecta á calidade das interpretacións.



6.10.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Concerto de Santa Icíá: 20 de Novembro.

Alumnado de Piano participante: Laura Sampedro Hamilton, Andrea Sampedro Hamilton, Sergio de Miguel Jorquera, Alicia de Miguel Jorquera e Lucía Mei Arena.

Concerto de Nadal: 21 de Decembro.

Alumnado de Piano participante: Miriam Álvarez Rodas, Carmen Pérez Fernández e Alba Raña Barreiro

Concerto “O Carnaval dos animais”: 5 de Febreiro.

Alumnado de Piano participante: Roque Márquez Rodríguez e Alba Raña Barreiro.

Concerto de entroido: 8 de Febreiro.

Alumnado de Piano participante: Sergio de Miguel Jorquera, Santiago Guerra Fernández, Humberto Díaz Galindo e Andrea Sampedro Hamilton.

Concerto de alumnos de piano no Café Vitrubia: 21 de Abril e 12 de Maio.

Alumnado de Piano participante: Daniel Yebra Vázquez, Helena Fernández Gil, Mencía Fernández Pérez, Julia Núñez Alonso, Jimena Cabrera Álvarez, Alba Rodríguez Pérez, Frida Carrera Castro, Sara Usera Alonso, Julia Cavada Moreno, Alexia Pérez Pérez, Violeta González Davila, Carlota de Cabo Rey, Ana Rodríguez Rodríguez, Yago Márquez Rodríguez, Héctor Bazo González, Santiago Guerra Fernández, Lucía Prieto García, Nubia Karen Pereira do Carmo, José Antonio Posada Nogueira, Humberto Díaz Galindo, Lara Castro Taboada, Noemí Rodríguez Sánchez, Andrea Sampedro Hamilton, Laura Sampedro Hamilton, Roque Vázquez Ben, Xoan Xosé López Fernández e Roi Lago Costas.

Audición de Piano Complementario: 2 de Maio.



Concertos en familia: 7 de Maio.

Alumnado de Piano participante: Pablo Astiazarán Perez-Cela, Viridiana Barreiro, Mencía Fernández Pérez e Alba Raña Barreiro.

Concerto “25 estudos op.100 de Burgmüller”: 1 de Xuño

Alumnado de Piano participante: Enma Domínguez González, Sara Rivas Pereira, Dora Lucía Díaz Galindo, Ana Rodríguez Rodríguez, Carmen Cavada Moreno, Violeta González Davila, Iago Márquez Rodríguez, Roque Márquez Rodríguez e Xoán Xosé López Fernández.

Colaboración con Grupo de Acordeóns: 29 de Novembro, Concerto de Nadal 15 de Marzo e 5 de Abril nas audicións de acordeón, ensaiando tódalas semanas na hora de conxunto de acordeóns.

Alumnado de Piano participante: Carmen Cavada Moreno e Sergio de Miguel Jorquera.

Colaboración coa Orquestra Senior: 22 de Febreiro e 10 de Maio no CMUS Profesional de Vigo e 20 de Abril no CMUS Superior de Vigo.

Alumnado de Piano participante: Roque Vázquez Ben

Recital de piano: 29 de Maio

Alumnado de Piano participante: Alba Raña Barreiro



6.11 Departamento de Vento Metal

6.11.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

88 alumnos/as

-Alumnado por materia

Trompa: 23

**1 (1ºGE), 1 (2ºGE), 2 (3º GE), 3 (4ºGE), 4 (1ºGP), 1 (2ºGP), 3 (3ºGP), 4 (4ºGP),
4 (5ºGP), 0 (6ºGP).**

Alumnado de María del Pilar Simeó (14)

1 (1ºGE), 0 (2ºGE), 2 (3º GE), 1 (4ºGE), 3 (1ºGP), 1 (2ºGP), 1 (3ºGP), 3 (4ºGP),
2 (5ºGP), 0 (6ºGP).

Alumnado de Óscar Davila: (6)

0 (1ºGE), 1 (2ºGE), 0 (3º GE), 2 (4ºGE), 0 (1ºGP), 0 (2ºGP), 2 (3ºGP), 0 (4ºGP),
1 (5ºGP), 0 (6ºGP)

Alumnado de Sergio Noche: 3

1 (1º GP), 1 (4º GP), 1 (5ºGP)

Trompeta: 23

**2 (1ºGE), 1 (2ºGE), 0 (3º GE), 0 (4ºGE), 5 (1ºGP), 2 (2ºGP), 1 (3ºGP), 5 (4ºGP),
4 (5ºGP) 3 (6ºGP)**

Alumnado de Luís González

1 (1ºGE), 0 (2ºGE), 0 (3º GE), 0 (4ºGE), 5 (1ºGP), 2 (2ºGP), 1 (3ºGP), 4 (4ºGP),
3 (5ºGP) 3 (6ºGP)

Alumnado de Javier González

1 (1ºGE), 1 (2ºGE), 1 (4ºGP), 1 (5ºGP)



Trombón: 16

2 (1ºGE), 2 (2ºGE), 1 (3ºGE), 2 (4ºGE), 1 (1ºGP), 2 (2ºGP), 2 (4ºGP), 2 (5ºGP) 2 (6ºGP)

Tuba: 19

2 (1ºGE), 3 (2ºGE), 3 (3ºGE), 2 (4ºGE), 2 (1ºGP), 3 (6ºGP).

Alumno de Antonio Rodríguez

2 (1ºGE), 3 (2ºGE), 3 (3ºGE), 2 (4ºGE), 2 (1ºGP), 3 (6ºGP).

Alumnado de Juan Carlos Díaz)

1 (2ºGP), 2 (2ºGP), 1 (3ºGP)

CONCIENCIA CORPORAL E EQUILIBRIO TÓNICO: 10 (6ºGP)

6.11.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Consolidar no Departamento a materia optativa: CONCIENCIA CORPORAL E EQUILIBRIO TÓNICO, impartida por Luís Juncal, para ser presentada ao equipo directivo.

Avaliar e modificar as programacións didácticas.

Utilizar partituras orixinais.

Incluír nas programacións traballos teóricos e/ou estudo da historia dos instrumentos ou compositores a partir de 3º de GP.

Comunicar aos pianistas acompañantes os horarios das audicións e ter en conta as súas horas de clase de piano para que non as deban suprimir ou cambiar.

Realizar o Inventario das aulas.

Realizar unha audición trimestral do alumnado de Grado Elemental conxunta de varios instrumentos.



Participación no “concerto en familia”, “no bico un cantar”, “TubaNadal”, recital do alumnado de 6º Curso de G.P. do departamento de Vento Metal e nos Premios Fin do Grao Profesional.

Revisar cos pianistas acompañantes a preparación das obras de cara as audicións.

Conciliar os horarios dos alumnos coas materias teóricas e cos institutos para escoller horarios de audición e os ensaios coa pianista.

Manter o instrumento do Centro en condicións axeitadas para o correcto uso.

-Obxectivos non acadados

Completar todos os ensaios e audicións co pianista acompañante debido á problemática acontecida pola baixa médica do pianista acompañante das especialidades de trompeta e trombón. A súa substitución atrasouse demasiado causando a imposibilidade de completar a programación do curso.

No currículo do grao profesional figura, tanto nos obxectivos como nos contidos, a “práctica de conxunto”. Sen embargo, non resulta coherente coa realidade, xa que na práctica non existe unha clase colectiva para poder levar a cabo este contido e outros relacionados con este obxectivo. Si queremos ser coherentes co currículo e mellorar a eficacia do noso ensino, sería imprescindible engadir unha clase colectiva de instrumento no grao profesional, e ademais, tamén sería lóxico e coherente que a clase colectiva que se imparte no grao elemental deixase de ser opcional e pasase a ser obrigatoria.

Participación do alumnado para que participe nas actividades do Centro.

6.11.3 Destacar no funcionamento xeral do centro

As audicións trimestrais durante dúas semanas.

O seguimento do Alumnado

As xornadas de portas abertas.



As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tempos.

Actividades complementarias e extraescolares. (concerto no auditorio do Concello de Vigo).

6.11.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Buscar no departamento estratexias para motivar o estudo: Facer que os ensaios con piano estean varios alumnos xuntos (hora ou media hora), para que se escoiten uns os outros e para darlle mais importancia ao propio ensaio, sempre e cando sexa o mesmo pianista e se dean as condicións no horario do alumnado. Facer audicións de todo o alumnado do mesmo curso (1ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa), (2ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa), etc.

Incrementar horarios de pianistas acompañantes ou profesorado de pianista acompañante para así dispor de mais tempo para esta materia.

Programar probas técnicas ou trimestrais nas aulas valorando o alumnado entre varios profesores do departamento e xuntando varias especialidades.

Equipamento: sordinas e aparatos de respiración. Controlador de presión da boquilla.

Instrumental: un Trombón Baixo, un piano en cada aula do departamento, e para explicar os instrumentos afíns: unha trompa natural, unha tuba wagneriana e un sousaphone.

Ampliar os recursos bibliográficos: libros, partituras e gravacións.

Mellorar a acústica e insonorización da aula C14.

Aula C13. Retirar o armario grande e colocar unha nova vitrina para ter maior espazo.

Incorporar a clase colectiva de instrumento no GE e no GP para poder realizar un dos contidos da programación, a práctica de conxunto. No currículo do grao



profesional figura, tanto nos obxectivos como nos contidos, a “práctica de conxunto”. Sen embargo, non resulta coherente coa realidade, xa que na práctica non existe unha clase colectiva para poder levar a cabo este contido e outros relacionados con este obxectivo. Si queremos ser coherentes co currículo e mellorar a eficacia do noso ensino, sería imprescindible engadir unha clase colectiva de instrumento no grao profesional. Luís Juncal e Antonio Rodríguez solicitan que a materia de clase colectiva sexa obrigatoria e esta petición sexa trasladada a Consellería de Educación.

Adquirir equipos de audio e cableado de calidade nas aulas.

Comunicar ao alumnado e ás súas familias o correcto procedemento para o uso de imaxe. Evitando desta forma que o alumnado apareza nas listas por falta de información.

6.11.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Audicións trimestrais de grao elemental ca participación conxunta do alumnado de Tuba e Trombón.

Participación do alumnado na masterclass do quinteto de metais da Banda Sinfónica Portuguesa e organizado polo Centro.

Presentación de trompetas da marca Bressant polo trompetista da Orquestra Nacional de España J.C Alandete.

Asistencia a concertos dentro das instalacións do Conservatorio.

Participación do alumnado de trombón, tuba e bombardino nos cursos e clases maxistras realizados no Conservatorio Profesional de Música.

Audicións trimestrais do alumnado no Auditorio.

Recital de fin de grao dos alumnos de 6º GP de trombón, bombardino e trompeta.

Concerto TubaNadal.

Participación do alumnado de vento metal de 1º G.P. e 2º G.P. na actividade do



15 de maio dentro dos actos das letras galegas.

Outros:

Participación nas graduacións de fin de grao.



6.12 Departamento de Vento Madeira

6.12.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

150 alumnos

-Alumnado por materia

Frauta: 32

Óboe: 18

Clarinete: 52

Fagot: 13

Saxofón: 35

6.12.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Os mínimos recollidos na programación correspondente.

-Obxectivos non acadados

Que o alumnado tome conciencia da importancia de escoitar e acudir a concertos, non soamente asistir a aqueles nos que actúan.

Aqueles aspectos non cumpridos polo alumnado neste senso dé bense a súa falta de traballo, xustificada ou non por diversos motivos, e non a unha proposta programática que precise de ser modificada.

6.12.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A organización do departamento e previsión do equipo directivo para cohesionar a actividade académica ao longo do curso.



A planificación anticipada de cada actividade e a clara información compartida co claustro.

Un ambiente de traballo moi bo, así como moita cordialidade entre a directiva, os profesores e o alumnado.

Destacar a organización das actividades e concertos realizados no curso.

A organización en Xeral.

A boa organización de audicións, dada a cantidade de alumnado e profesorado que hai.

Paréceme un aspecto positivo á destacar o feito de que ó principio de curso xa se coñezan as datas para a entrega do listado de obras ós pianistas acompañantes, xa que me axuda moito para organizarme.

Por en valor as persoas que fan posible co seu traballo que o alumnado goze do mellor aprendizaxe e experiencia que se lle poda ofrecer.

6.12.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

A reubicación das aulas para evitar que especialidades instrumentais de sonoridade penetrante molesten a outras especialidades de sonido mais débil. No meu caso, con percusión debaixo, gaita encima e trombón ao lado, hai momentos que non é posible nin a concentración, nin un traballo preciso de son e afinación. Tal vez, podería proporcionarse ás aulas de percusión e gaita, un pequeno aparato portátil de aire acondicionado, de xeito que podan traballas cas ventanas pechadas mantendo así un nivel aceptable de decibelios nos patios.

Máis orzamento para a organización de actividades.

Unha das propostas é a mellora dos horarios das audicións, evitando as audicións antes das 16:00 h e despois das 21:00 h.

Facilitar mais espazos horarios para a realización das audicións.

Facilitar espazos horarios ao departamento que aglutinen mais horas seguidas.



Ter unha maior comunicación entre membros/as dos departamentos na toma de decisión de medidas que afecten ao traballo do profesorado implicado e ao seu alumnado.

Elaborar os tribunais das diferentes probas tendo en conta as circunstancias que podían favorecer o desempeño desta tarefa de maneira mais eficiente.

Dotar a biblioteca de máis material bibliográfico da especialidade.

Revisar o procedemento de avaliación das probas de Premio de Fin de Grao, con fin de que a valoración final sexa o resultado dun proceso mais claro e definido para tódolos/as que participemos neles.

6.12.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

En fruta, ningunha actividade extraordinaria ou complementaria. Somentes a realización de tres audicións, unha en cada trimestre coa participación de case o 100% do alumnado.

Dous cursos de clarinete e música de cámara no auditorio co clarinetista Vicent Alberola nas seguintes datas:

19, 20 e 21 de decembro de 2017.

15, 16 e 17 de xaneiro de 2018.

Unha exposición de clarinetes Buffet na biblioteca coa presentación do novo modelo Légende desta marca, e unha actividade de Urban Play para o alumnado do centro, o 28 de maio de 2018. A raíz desta presentación, e pedindo o consentimento aos pais, o alumno de Dna. Marta Sancho Andrés, Roi Álvarez Barreiro (1ºGE), foi fotografiado e a súa foto aparece na web oficial da marca Buffet.

No IV concurso de clarinete cidade de Ourense, o alumno Andrés Nuñez Sobral (2º GP) acadou o accesit.

24/11/17: “Encuentro con Adam Starkie” sobre técnicas contemporáneas aplicadas al clarinete.



19/12/17: Curso co clarinetista David Krakauer no CMUS Superior de Vigo.

20/02/18: "Clarinet Disko Party".

Se fixeron 3 audicións de saxofón, unha por trimestre, na que participou todo o alumnado da especialidade.

Todos os alumnos participaron nas tres Audicións do curso e realizaron dúas probas técnicas .

Algúns alumnos do Grao Profesional foron oíntes e activos nalgún curso de saxofón no conservatorio superior de música de Vigo como actividade extraordinaria .

O sábado 11/11/2017 en horario de 10:30h ata 13:30h realizamos no auditorio "David Rusell" do conservatorio profesional de música de Vigo unha exposición de óboes e material para a elaboración das canas no óboe á cargo de Jean Michael Garetti. Tamén se fixo un taller de raspado de canas con máquinas para que os alumnos puideran ver estas máquinas e probar as canas de óboe. Esta actividade tivo moita acollida por parte dos alumnos e pais xa que participaron 45 persoas.

Os días 21, 22 e 23 de maio de 2018 fíxose un curso de óboe á cargo de Roberto Baltar no que participaron 12 alumnos activos e un alumno oínte.



7. Comisión de coordinación pedagóxica

7.1 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 1

1. Elección de novos coordinadores/as para o presente curso académico.
2. Informe da xefatura de estudos sobre a planificación e procedementos de xestión para o presente curso académico.

7.2 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 2

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Elección da secretaría do órgano de coordinación didáctica.
3. Seguimento do alumnado do mes de outubro.
4. Propostas para o Plan Anual de Formación do profesorado.
5. Rogos e preguntas.

7.3 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 3

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de novembro.
3. Informe de matriculación excepcional en máis dun curso.
4. Rogos e preguntas.

7.4 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 4

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de xaneiro.



3. Entrega, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos para proceder á revisión anual.
4. Informe preliminar sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

7.5 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 5

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de febreiro.
3. Recollida, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos.
4. Informe sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

7.6 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 6

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento da programación do mes de abril.
3. Valoración dos Departamentos do sistema de audicións vixente.
4. Rogos e preguntas.

7.7 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 7

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Matrículas de Honra do presente curso académico.



3. Conclusións finais dos Departamentos.

4. Rogos e preguntas.



8. Equipo de dinamización da lingua galega

8.1 Obxectivos para o curso

Promover e organizar actividades que supoñan a participación da comunidade educativa co fin de incentivar o uso da lingua galega e por en valor o noso patrimonio.

Potenciar actos conxuntos con agrupacións e institucións da contorna.

Preparar, coordinar e levar a cabo as accións precisas para a conmemoración das Letras Galegas 2018 tales como: elaboración de programas e cartelería, difusión e publicidade nas redes ou comunicación cos/as participantes.

8.1.1 Obxectivos acadados

A participación da comunidade educativa nas distintas actividades foi satisfactoria.

No mes de decembro os departamentos de Linguaxe Musical e Música tradicional traballaron na preparación e montaxe da Panxoliña “Nadal en Mos”.

No concerto dos Terribles de Donas, celebrado no mes de abril, trece alumnos/as da especialidade de Gaita interpretaron unha peza conxuntamente co grupo.

